



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/12	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	19 de marzo de 2018
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretaria Acctal.	MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	NON
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 5 de marzo de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 5 de marzo de 2018.

Expediente 503/2018. Solicitud de cambio de titularidade de concesión de sinal de pasaxe permanente

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada pola comunidade de propietarios Travesía nº 9, representada por S. S. M., na que demanda o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente concedida pola Xunta de Goberno Local do día 05.02.2018 a nome do representante da referida comunidade de propietarios.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o cambio de titularidade do sinal de pasaxe permanente concedido pola Xunta de Goberno Local do día 05.02.2018 ao representante da comunidade de propietarios Travesía nº 9, S. S. M., polo que a partir de agora a titularidade do sinal de pasaxe permanente pasa á comunidade de propietarios Travesía nº 9.

Expediente 7471/2017. Proposta da Alcaldía para autorización de solicitudes de instalación de quioscos de verán en terreos privados

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local aproba o seguinte:

Primeiro.- Aprobar a seguinte proposta de data 15.03.2018 da Alcaldía, referente aos plans de ocupación con servizos de tempada nas praias do municipio durante a tempada estival do ano 2018, debendo os concesionarios axustarse ás condicións indicadas nas autorizacións, en especial, a que procedan ao levantamento da instalación unha vez expirado o tempo de concesión da ocupación, xa que en caso de incumprimento das condicións indicadas iniciárase o correspondente expediente sancionador.

"PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Con rexistro de entrada do 23 de novembro de 2017, recibíuse oficio do xefe do Servizo de Costas de Pontevedra expresando os criterios de actuación para a elaboración e explotación dos plans de ocupación con servizos de temporada nas praias durante a temporada estival do ano 2018. Así mesmo, a Xefatura Provincial de Costas, insta aos concellos, como en anos anteriores, a constituírse en xestores do programa de autorización de explotacións.

O anuncio remitido polo Servizo Provincial de Costas, no cal se instaba a todos os interesados a presentar solicitudes de autorización para a explotación de servizos de temporada nas praias do noso municipio, foi exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto o bando da Alcaldía publicado polo Concello, cos requisitos e condicións para a concesión de quioscos en fincas privadas no ámbito do Concello e as solicitudes presentadas e propostas dos interesados, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quioscos de verán en terreo privado ás seguintes solicitudes presentadas, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no Bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión:

<u>Nome e apelidos</u>	<u>DNI</u>	<u>Situación</u>
- P. M.P. C. Camiño da Garita, nº 22-Nerga-O Hío.		praia Areameán (Mixilloeiras-Viñó) Rúa do Coto, nº 15A-Nerga
- M. F. C. finca en praia de Barra (Nerga) Ctra. Bueu, 27, Vilariño, Hío.		
- M. T. F. G. finca "O Couñal", Donón, nº 58.		

SEGUNDO.- Procédase a desestimar o plan de ocupación ás seguintes solicitudes para a praia de Barra por ser zona protexida e non autorizarse instalacións de tempada na mencionada zona:

- M. C. C., enderezo en estrada de Bueu, nº 27-Vilariño-O Hío.
- B. S. C., enderezo en rúa Preguntoiro, nº 13-O Hío.

TERCEIRO.- Procédase á aprobación da autorización da seguinte instalación e solicítese do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra a preceptiva autorización, de acordo coa documentación que se achega no expediente.

1. Praia de Vilariño:

- (1) Unha superficie para Escola de kayak e seawalk paddle de 22,00 m2.

A situación dos servizos solicitados nas zonas indicadas figura na documentación presentada".

Expediente 726/2017. Informe de Xestión de Ingresos para ocupación de vía pública con toldo-pérgola móbil para terraza



Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta do seguinte informe-proposta de data 15.03.2018 do departamento de xestión de ingresos tributarios, referente a solicitude de ocupación de vía pública con “toldo-pérgola móbil” para terraza, que é como segue:

"Con data de rexistro de entrada de 18 de novembro de 2017, M. P. N., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 95-baixo D (36940- Cangas), solicita licenza para instalar unha 'pérgola-toldo móbil' para terraza do establecemento 'LICENCIA 45' na Praza das Pontes.

A Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012) indica o seguinte:

- Artigo 1, punto 1: esta ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público (...) mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.

- Artigo 2: (...) entenderase por terrazas as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasois, toldos, xardiñeiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables (...).

- Artigos 3 e 4, regulan as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.

- Artigo 12, punto 3, regula a instalación das terrazas e os accesorios en prazas públicas e zonas axardinadas.

- Artigo 13, punto 4, regula a instalación e altura de parasois e toldos.

Indicar que na Praza das Pontes xa hai instalado un elemento análogo ao que se solicita e que a ordenanza indica que para a instalación de calquera complemento relacionado coa actividade de hostalería require autorización expresa.

Tendo en conta o dito, emito este informe-proposta para a súa resolución".

A Xunta de Goberno Local queda informada do informe-proposta transcrito anteriormente e así mesmo acorda adoptar o seguinte:

Primeiro.- Que polo interesado se complete a documentación presentada coa solicitude urbanística preceptiva para a instalación do toldo, requisito previo e indispensable para a concesión da correspondente licenza municipal.

Expediente 1340/2018. Informe da Policía Local por solicitude de ocupación de vía



pública con colectores de obra e camiións que superan a tonelaxe permitida na ordenanza municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dase conta de informe de data 15.03.2018 da Policía Local, referente a ocupación de vía pública con colectores de obra e camiións que superan a tonelaxe permitida na ordenanza municipal e que é como segue:

"Con relación a instancia presentada no rexistro de entrada deste Concello con nº 2.532, do día 7 de marzo de 2018, a nome de A. Y. F., representante da empresa 'Customiza, SL', teléfono 607 623 266 e domicilio en rúa Venezuela, nº 51-Oleiros-A Coruña, no que solicita o acceso ao 'Hotel Airiños', pola Praza do Señal para a colocación dun colector de obra por mor das reformas que se están a realizar no mencionado hotel.

Aínda que inicialmente se lle permitiu o acceso a primeira hora da mañá por ser unha praza con bastante presenza peonil e tendo en conta as limitacións de acceso a esa praza, dita empresa accedeu cun camiión porta contenedores de máis de 10 toneladas de peso, onde a ordenanza deste concello establece un máximo de 3,5 toneladas.

O axente desta Policía Local, con número de identificación 052029, denégalle a solicitude presentada para o acceso co vehículo de 10 toneladas, comunicándolle que debe acceder con un de ata 3,5 toneladas como establece a ordenanza municipal.

O día 14 de marzo do presente, preséntase nestas dependencias un empregado da empresa, de nome Eduardo, comunicándonos que xa cambiaron os camiións rectificando a tonelaxe ao estipulado na ordenanza, presentando unha nova instancia no rexistro de entrada do Concello".

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Autorizar a ocupación de vía pública cun camiión de ata 3,5 toneladas, debendo coordinarse coa Policía Local nos horarios que lle indiquen e tendo que realizar o tránsito pola Avenida de Eugenio Sequeiros.

Segundo.- Que polos departamentos da Policía Local e Oficina de Rehabilitación Municipal se proceda á actualización dos informes correspondentes, no referente ao impacto das obras autorizadas e á necesidade de solicitar un aval para estas.

Expediente 660/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo

Expediente 659/2018. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Falta de tempo



Expediente 1017/2018. Licenza de parcelación

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1.017/2018.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove 'ANCORADOURO SL', consistente en parcelar un predio inicial sita en estrada da rúa Enseñanza-Cima de Vila, de 990,00 m2., en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F. B. P., de data xaneiro de 2018.

Vistos os informes técnicos emitidos, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por 'ANCORADOURO SL', para o predio sito en estrada da rúa Enseñanza-Cima de Vila, de 990,00 m2., en catro parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F. B. P. de data xaneiro de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 e 2 de 493,52 m2., parcela 3 e 4 de 1,48 m2., cada unha destas últimas destinadas á ampliación do vieiro municipal.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 2,96 m2. De non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efecto.

Expediente 1254/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1254/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "CRISTO DE LOS NAVEGANTES", con enderezo a efectos de notificacións en Nazaret, nº 13-Cangas, para cambio de tella e saneamento de fachada de edificación sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada polo arquitecto técnico C. J. R. de data marzo de 2018. O presuposto de execución material ascende a catorce mil trescentos euros (14.300,00 €).

Expediente 5804/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5.804/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. E. R. G., para impermeabilización de terrazas en vivenda sita no lugar da Avda. de José Graña, nº 26-Aldán, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil seiscentos noventa euros (2.690,00 €).



Expediente 339/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 339/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. C. F., para substitución de carpinterías, reforma de baño e pintado de vivenda sita no lugar de baixada a Río Esteiro, nº 18-O Hío, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos oitenta e cinco euros (2.485,00 €).	

Expediente 1202/2018. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 1.202/18.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. M. C. F., para reparacións exteriores en vivenda sita no lugar de rúa Poio, nº 10-1º-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico F. M. L. de data xaneiro de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dez mil trescentos corenta e catro euros (10.344,00 €).	

Expediente 684/2017. Infracción urbanística nº 42/2016	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de resolución de data 15.02.2018 da instrutora do expediente sancionador nº 684/2017 42/2016, que é como segue: "PROPOSTA DE RESOLUCIÓN M. R. G, instrutora designada polo alcalde do Concello mediante proposta de Alcaldía de data 25 de agosto do 2017, en relación co expediente sancionador que se está a tramitar neste Concello, nº 684/2017-42/2016, emite a seguintes proposta de resolución vistos os seguintes: ANTECEDENTES PRIMEIRO.- Por parte de M. L. G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística tramitado, se efectuaron no lugar de Rabáns-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar un cerramento pola fronte da parcela a 4 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter legalizable segundo o informe do arquitecto municipal. Visto o informe da inspección municipal de data 21 de agosto de 2017, que di: "As obras polas que se incoa o expediente de infracción nº 864/2017 se axustan a C.P. 1051/2017, polo que considero que foron legalizadas."	



SEGUNDO.- Iniciado o expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 4 de setembro do 2017, dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.

TERCEIRO.- Visto canto antecede, e de conformidade cos artigos 89 e 90 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emito a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras realizadas sen licenza no lugar de Rabáns-O Hío, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve segundo o determina o artigo 158.4 da mesma norma citada, visto o informe do arquitecto municipal.

SEGUNDO.- Que M. L. G., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

TERCEIRO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía tres mil euros (3.000,00 €). Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Impoñer a M. L. G., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de TRESCENTOS EUROS (300 euros), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Rabáns-O Hío, consistentes en realizar un cerramento pola fronte da parcela a 4 metros do eixo do camiño, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 9 de maio do 2017.

SEGUNDO.- Advertir ao interesado que, en caso de pagar voluntariamente a sanción imposta no prazo de período voluntario, aplicarase unha redución desta do 50%. Non entanto, a súa efectividade estará condicionada a que o infractor amose por escrito a súa conformidade coa sanción imposta e renuncie expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Expediente 404/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a C.C.R., con expediente nº 36008/01/003291, do Servizo de Axuda no



Concello de Cangas

Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 8 de marzo de 2018.

Expediente 398/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a J.B.B., con expediente nº 36008/02/000123–60400, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 18 de febreiro de 2018.

Expediente 1318/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude do Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.F.V., e con expediente nº 36008/02/002837-62402, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal.
- * Atencións de carácter psicosocial.
- * Atencións de carácter doméstico.

Custo do servizo total: cincocentos cincuenta e sete euros con seis céntimos [(557,06 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)].

Achega económica da persoa usuaria: cento vinte e catro euros con vinte céntimos (124,20 €/mes).

Número de horas: 46 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 1 de abril de 2018.

Expediente 446/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude do Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local a dopta a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a P.F.P., e expediente nº 36008/01/002331, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal.* Atencións de carácter psicosocial.* Atencións de carácter doméstico. <p><u>Custe do servizo total:</u> douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos [(242,20 €) doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)].</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> cero euros (0,00 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 20 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> 2 de abril de 2018.</p>	

Expediente 2135/2017. Variación do servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* DAR DE BAIXA a M.P.G., con expediente nº 36008/01/002031–24077, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.</p> <p><u>Data de efectos da baixa:</u> 21 de febreiro de 2018.</p>	

Expediente 2141/2017. Variación do servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:</p> <p>* DAR DE BAIXA a C.P.R., con expediente nº 36008/02/000097–38964, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Data de efectos da baixa: 3 de febreiro de 2018.

Expediente 2148/2017. Variación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a C.M.P., con expediente nº 36008/02/002166–36121, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 13 de febreiro de 2018.

Expediente 1356/2018. Concesión de axuda de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 14.03.2018 do director do Centro Municipal de Benestar Social, para concesión de axuda de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

E. G. G., xefe de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra)

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica de setecentos euros (700,00 €), a S.M.D.R."*

Expediente 6077/2017. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto "Nova capa de rodadura en Estrada Vilanova-O Hío"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 15.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto "NOVA CAPA DE RODADURA ESTRADA VILANOVA-O HÍO", que é como segue:

"1º.- Visto o informe de C. G. C., coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

obras de 'Nova capa de rodadura estrada Vilanova-O Hío', que indica que a empresa adxudicataria 'Nexia Infraestructuras SLU', presentou o plan de seguridade e saúde en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE 25-10-1997) e que o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto: 'NOVA CAPA DE RODADURA ESTRADA VILANOVA-O HÍO'.

Expediente 7202/2017. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto de "Rehabilitación da Casa dos Pobres"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 09.03.2018 da concelleira de obras e servizos, referente a aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto "REHABILITACIÓN CASA DOS POBRES", que é como segue:

"1º.- Visto o informe de M. I. M. F., coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras de 'Rehabilitación da Casa dos Pobres', expediente nº 7202/2017, que indica que a empresa adxudicataria das obras 'Sestrama 09 SL', presentou o plan de seguridade e saúde en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, (BOE 25-10-1997) e que o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto 'Rehabilitación da Casa dos Pobres'.

Expediente 788/2018. Proposta da Alcaldía de aprobación de convocatoria e bases do

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



proceso de selección de auxiliares de policía local para o ano 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de data 19.03.2018 da Alcaldía, referente a aprobación de bases de selección de auxiliares de policía locais para o Concello de Cangas-2018, que é como segue:

"PROPOSTA DE CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO DESTINADO Á COBERTURA DE 8 PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA POR UN PERÍODO DE CATRO MESES PRORROGABLES

O aumento de poboación no Concello de Cangas, derivado da intensa afluencia de visitantes ao noso municipio nos meses de xuño a setembro pero existindo tamén un considerable aumento durante a celebración da Semana Santa por mor de ter sido declarada festa de interese turístico galego, así como os desprazamentos da fin de semana a partir de marzo ás praias e segundas residencias por parte da veciñanza doutros concellos, especialmente de Vigo, motiva un aumento notorio das tarefas en materia de tráfico e seguridade que implican a necesidade de acometer a contratación de auxiliares de policía local, como sinala o xefe da Policía Local no informe proposta de data 12.02.2018, polo que solicita que se tramite a contratación de auxiliares de policía.

A contratación que se propón é un caso excepcional, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e nun eido esencial cal é o da seguridade pública, contido no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local. Seguridade que se vería comprometida polo sensible aumento de poboación que se dá neste Concello durante os meses para os que se propón. Trátase dun suposto excepcional dado que Cangas conta cun cadro de efectivos na policía local inferior ao disposto no cadro de persoal.

Existe dotación orzamentaria e foi practicada a correspondente retención de crédito de data 02.03.2018 que consta no expediente que cubre o período de contratación previsto.

En cumprimento do disposto no artigo 95.2 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, deuse conta á Consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia do inicio do expediente para a selección obxecto da presente proposta, que se achegou o borrador das bases que foron informadas favorablemente segundo o informe con rexistro de entrada do 07.03.2018 que figura incorporado ao expediente.

Emitido informe pola secretaría xeral do Concello de data 15.03.2018 que figura incorporado ao expediente.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal de data 16.03.2018 que igualmente figura incorporado ao expediente.

Visto o que antecede e sendo a Xunta de Goberno Local a competente para aprobar as bases e a convocatoria das prazas indicadas con base na delegación realizada pola Alcaldía de data 02.07.2015, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL



PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a contratación de oito auxiliares de policía local con previsión de listado para a cobertura doutras contratacións que fosen precisas durante o presente ano 2018, bases que a seguir se reproducen:

“BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA PARA O CONCELLO DE CANGAS PARA 2018

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de oito auxiliares da policía local, en réxime de contrato laboral temporal por acumulación de tarefas, con base nas necesidades que se xustifican no expediente tramitado para a aprobación das presentes bases. A duración dos contratos será de catro meses (prorrogables ata seis meses de acordo co establecido na normativa de aplicación) desde a data da sinatura do contrato, cun salario base de mil cincuenta e sete euros con sesenta e seis céntimos (1.057,66 €) ao mes.

Do mesmo xeito cos aspirantes que tendo superado as probas polas puntuacións obtidas non resultasen contratados confeccionarase un listado para as sucesivas contratacións de auxiliares de policía local que se puideran realizar durante o presente exercicio.

2.- SISTEMA SELECTIVO.- O sistema selectivo escollido é o de oposición libre.

3.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.- Para tomar parte na selección será preciso cumprir os requisitos seguintes na data de remate do prazo concedido para a presentación de instancias:

a) Posuír a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do art. 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

b) Ter cumprido dezaoito anos.

c) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican para a fase de oposición nas presentes bases e que non se padece enfermidade, nin se está afectado/afectada por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible co desenvolvemento das funcións do posto de traballo. O anterior non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

d) Non ter sido condenado/condenada por delito doloso, nin estar inhabilitado/inhabilitada para o exercicio das funcións públicas, nin separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, malia isto o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) Estar en posesión da titulación esixible para os funcionarios do grupo C2.

f) Posuír unha estatura de mínima de 1,65 m os homes e 1,60 m as mulleres.

g) Ter ingresado na Tesourería do Concello de Cangas a cantidade fixada como dereitos de exame.



Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As presentes bases expoñeranse ao público no taboleiro da anuncios do concello durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro do Concello e nun diario dos de maior tirada de Galicia, co fin de posibilitar a presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias, de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da casa do concello, será igualmente, o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que se deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

As solicitudes poderán presentarse en instancia que se facilitará polo Concello, durante o prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario e taboleiro do Concello. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do concello, ben en calquera das formas art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax, ao 986304850, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.

Á solicitude, que se realizará, no modelo facilitado polo concello, deberá achegarse xunto coa seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI non caducado.*
- Documento acreditativo da titulación requirida na convocatoria.*
- Xustificante de pago dos dereitos de exame, que ascende a cantidade de oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €). Este pago deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na tesourería do Concello.*
- Certificado médico nos termos sinalados.*

Finalizado o prazo fixado para presentar as solicitudes, ditarase resolución pola Alcaldía, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web



do Concello e sinalarase un prazo de tres días hábiles para a subsanación. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que fará público, igualmente, no taboleiro de anuncios no prazo de dous días hábiles a contar desde o seguinte ao do remate do prazo de emenda.

A resolución na que se aprobe o listado provisional de admitidos e excluídos incluírá ademais a data e lugar de realización do primeiro exercicio, sendo os sucesivos sinalados polo tribunal observando as disposicións ao respecto contidas na normativa de aplicación, en particular no decreto 243/2008, de 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007. Igualmente incluírá a composición do tribunal para os efectos de posibilitar a recusación ou abstención dos seus membros, o que se realizará no mesmo prazo de subsanación.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes superen a proba selectiva.

5.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os/as membros do tribunal serán designados/designadas pola Alcaldía de acordo con normativa de aplicación, en especial no disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e 34 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais vixente. O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

De conformidade co disposto no artigo 4.e) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, os/as vocais deberán posuír unha titulación ou especialización igual ou superior ás esixidas para acceder ás prazas convocadas e terán voz e voto.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o presidente, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes.

O tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

6.- OPOSICIÓN. PROBAS SELECTIVAS



Consistirá na realización dos seguintes exercicios de acordo co disposto na redación vixente do artigo 47 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro e no anexo VII da Orde de 28 de xaneiro de 2009 da Consellería de presidencia, administracións públicas e xustiza na materia, as probas a realizar na fase de oposición (apartado A) e o temario sobre o que versarán (apartado B) son as que se describen a continuación:

1) PROBAS SELECTIVAS

A.- Comprobación da estatura e probas de aptitude física

A.1) Comprobación da estatura

Ao comezo realizarase o control da estatura dos/das aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de policía local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

A.2) Probas físicas

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto. Para obter a cualificación de apto/non apto. Para alcanzar a cualificación de apto os aspirantes deberán alcanzar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

A.2.1) Potencia tren inferior: salto vertical

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os talóns do chan e marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

- Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
- Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
- Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a alcanzada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37- 48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm	33 cm	29 cm



Concello de Cangas

Mulleres	32 cm	28 cm	25 cm
----------	-------	-------	-------

A.2.2) Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé. Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

B. Proba de coñecementos

A proba de avaliación dos coñecementos dos/das aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de unha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso alcanzar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/eliminada. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$.

Sendo N =Nota final da proba; A = Preguntas acertadas; F = Preguntas falladas ou non respostadas.

C. Coñecemento da lingua galega

O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/das aspirantes, mediante unha proba que se cualificará como apto/non apto. Este exercicio consistirá na tradución castelán-galego e galego-castelán de un texto proposto polo tribunal de non menos de cinco liñas.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do certificado en lingua galega – nivel 3 (CELGA 3), ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación. (Terá que ser presentado achegando a solicitude de participación no proceso selectivo).

2. TEMARIO

Concello de Cangas



1. *O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O pleno. O alcalde. A xunta de goberno local. Outros órganos municipais.*
2. *Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.*
3. *A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.*
4. *Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.*
5. *A actividade da Policía Local como policía administrativa I: Consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.*
6. *A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.*
7. *Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores, cómplices e encubridores.*
8. *Delitos contra a seguridade vial. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.*
9. *Lei de Seguridade Vial. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.*
10. *Normas xerais de circulación: Lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.*
11. *Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.*
12. *A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.*

7.- CUALIFICACIÓN FINAL, RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase un listado destes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/aprobadas os/as que, tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas. O tribunal formulará unha proposta á Alcaldía na que se incluírán os aspirantes aprobados para os que se propón a súa contratación. Non se poderán propoñer para a súa contratación mais aspirantes que as prazas ofertadas.

Esta listado será exposta no taboleiro municipal. Os/As aspirantes propostos/propostas para ser contratados achegarán perante a administración dentro do prazo de dez días naturais, desde que se publique no taboleiro municipal, os documentos acreditativos da capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria que non fosen acreditados con anterioridade.



Os/as aspirantes que superasen o proceso de selección con carácter previo a súa contratación deberán ter superado o correspondente curso de formación organizado pola Academia Galega de Seguridade Pública.

8.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO

A resolución ordenando a contratación será adoptada pola Alcaldía a favor dos/das aspirantes propostos/propostas polo tribunal unha vez que, de ser o caso teñan obtido a certificación da academia referida na base anterior. De non achegarse a certificación de asistencia ao curso da Academia Galega de Seguridade os aspirantes quedarán excluídos e formularase proposta de contratación en favor do seguinte candidato por orde de puntuación, o que sucederá tamén para o caso de que os aspirantes propostos non asinen o contrato.

No momento da súa contratación non poderá concorrer nos aspirantes circunstancia ningunha que impida esta por contravir a normativa en xeral e a laboral en particular, de ser así pasarase ao seguinte aspirante do listado confeccionado.

A data de inicio de contrato dos oito aspirantes seleccionados será decisión discrecional do Concello.

Os aspirantes contratados que pretendan renunciar deberán de formular un preaviso con un mínimo de 15 días de antelación, de non preavisar con esa antelación o Concello poderá descontar da liquidación os días non preavisados.

9.- LISTADO DE CONTRATACIÓNS

Obterán as prazas ofertadas aqueles que obteñan unha mellor cualificación, segundo o que ditamine o tribunal cualificador. O resto dos aspirantes que tivese superado as probas pero que por puntuacións non fosen contratados integrará un listado ordenado segundo esas puntuacións, co que o Concello de Cangas poderá cubrir as novas contratacións de auxiliares que fosen precisas polo Concello de Cangas durante o presente ano. As contratacións que se efectúen en base ao listado confeccionado deberán facerse mediante a adopción, previa proposta da área fundamentando a necesidade de acudir a ela, dunha resolución de Alcaldía que contará cos informes preceptivos previos.

A duración das contratacións que se efectúen para cubrir as baixas de auxiliares contratados previamente se establecerá na resolución pola que se acorde a contratación e non excederá do tempo restante de contrato do auxiliar ao que substitúe.

10.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

11.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven destas e das actualizacións do



Concello de Cangas

tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo, a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme ao previsto na devandita Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA-ANO 2018

Apelidos, Nome:

Teléfono:

NIF/NIE:

Enderezo:

Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos/admitidas no proceso selectivo de auxiliares da policía local para o ano 2018, convocado polo Concello de Cangas.

Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Asumindo o compromiso de realizar o curso na Academia Galega de Seguridade para o caso de non presentar fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor. Cangas, de de 2018.

Asdo. :

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:

- 1. A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.*
- 2. Fotocopia compulsada do DNI.*
- 3. Fotocopia da titulación esixida.*
- 4. Certificado médico en cumprimento do apartado 3.C) das bases.*
- 5. Fotocopia da certificación acreditativa de ter superado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública en vigor no caso de posuílo.*
- 6. Xustificante acreditativo do pago das taxas.*
- 7. Documento acreditativo exención exame galego (no seu caso).*

Data superación do curso teórico/práctico (artículo 95.6, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais) na Academia Galega de Seguridade Pública, caso de posuílo con anterioridade: /...../.....”

SEGUNDO.- *Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda a súa contratación de acordo co disposto nas bases.*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Que se proceda á publicación das bases de acordo co disposto nestas".

Expediente 1000/2018. Proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local para aprobación de bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte proposta de data 19.03.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación de bases de adxudicación de espazos do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, que di:

"Vista a situación socioeconómica existente a nivel municipal, o Concello de Cangas quere apoiar a creación e consolidación de novas empresas no municipio, como xeito de favorecer a xeración de emprego de calidade, diversificando a estrutura produtiva local e favorecendo a instalación de iniciativas de carácter innovador.

Por este motivo e a proposta da concellería de desenvolvemento económico e emprego local de data 20.01.2017, a Xunta de Goberno Local de data 23.01.2017, acorda por unanimidade, iniciar expediente para a adxudicación dos despachos do Viveiro de Empresas Municipal e dar traslado deste acordo aos departamentos de Secretaría, Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico para realizar os traballos pertinentes.

Realizados estes e considerando o Concello que o instrumento idóneo para a adxudicación sería a aprobación dunhas bases reguladoras, se achegan como anexo á presente proposta as "Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas", achegadas dos preceptivos informes de Secretaría e de Intervención.

Por todo o anterior, a concelleira de desenvolvemento económico e emprego local propón á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Se aproben as "Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas" que constan no expediente.

SEGUNDO.- Se proceda á publicación no BOP e apertura do trámite de exposición pública destas.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo os departamento de Desenvolvemento Local, Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Dación de conta de convenio asinado entre as comunidades de montes do Hío e Darbo e o Concello de Cangas para a creación do proxecto integral do Parque Forestal de Varalonga-Vilariño (Urxencia)

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura do seguinte convenio entre as comunidades de montes do Hío e de Darbo e o Concello de Cangas, para a creación do proxecto integral do Parque Forestal de Varalonga-Vilariño, que é como segue:

"CONVENIO ENTRE AS CMMVMMCC DO HÍO E DARBO E O CONCELLO DE CANGAS

Convenio entre o Concello de Cangas e as comunidades de montes do Hío e de Darbo para a creación do proxecto integral do Parque Forestal de Varalonga-Vilariño.

O obxectivo deste convenio é a integración no mencionado parque forestal de:

- 1. 41,50 ha., do monte comunal do Hío, concretamente o monte denominado Monte de Vilariño, clasificado polo Xurado Provincial nº 19 como propiedade da CMVMC do Hío.*
- 2. 30,25 ha., do monte comunal de Darbo, concretamente o monte denominado Monte de Varalonga e Piñeiro, clasificado polo Xurado Provincial nº 19 como propiedade da CMVMC de Darbo.*

Mediante a sinatura deste convenio, D. L. G. L., en calidade de presidente da xunta reitora da CMVMC do Hío e D. J. M. C. F., en calidade de presidente da xunta reitora da CMVMC de Darbo, manifestan a súa vontade de permitir a integración no parque forestal dos mencionados terreos da súa propiedade, garantindo o uso e goce do Parque Forestal de Varalonga-Vilariño para toda a cidadanía, garantindo tamén o libre acceso a este, agás as restricións que se xustifiquen no propio proxecto de creación do parque forestal e na lexislación vixente. Porén, as dúas comunidades de montes manterán o seu dereito a usar os aproveitamentos propios que fosen compatibles coa creación do parque forestal.

Mediante a sinatura deste convenio, D. Xosé Manuel Pazos Varela, con DNI nº 76328194A, en calidade de alcalde-presidente do Concello de Cangas manifesta a vontade do dito Concello de seguir a solicitar as subvencións a concellos destinadas á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais que convoca anualmente a Deputación de Pontevedra, así como, a facerse cargo da porcentaxe do custo das distintas obras subvencionadas que non sexa cuberto pola propia Deputación.

Serán as comunidades de montes as encargadas de, anualmente, indicar os traballos a realizar no parque forestal.

O período de cesión dos terreos das as dúas comunidades citadas para a súa integración no parque forestal será de 5 anos, prorrogables por períodos do mesmo tempo sempre que as dúas comunidades de montes e o Concello manifesten a vontade de manter vixente este convenio.

A presente cesión de terreos para a súa integración no parque forestal afecta só aos usos que se lle van dar aos mencionados terreos comunais que seguirán a ser propiedade da CMVMC do Hío no caso das 41,50 ha., do monte de Vilariño e da CMVMC de Darbo no caso das 30,25



Concello de Cangas

ha., do monte de Varalonga e Piñeiro, tanto durante o período de cesión como unha vez rematado este período.

E para que así conste, asinan o presente documento".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850